



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA III SEMANA DO MEDIO AMBIENTE "COMO MELLORAR A XESTIÓN DO LIXO NO MEU CENTRO"

INTRODUCCIÓN

O Concello de Tomiño, comprometido coa xestión sostible e eficiente dos residuos, leva a cabo unha intensa labor de comunicación e sensibilización do impacto que pode producir o lixo mal xestionado. Temos que ser conscientes de que non só producimos lixo nos fogares, tamén xeramos residuos noutros lugares nos que pasamos gran parte do noso tempo: na escola, no traballo, nos espazos de reunións sociais, ect. O Concello de Tomiño pretende ampliar esta labor de concienciación e para levalo a cabo elixiu como temática do concurso da III Semana do Medio Ambiente o reto, a nivel grupal, de mellora da xestión dos residuos no centro en que o grupo realice as súas actividades. Así, o proxecto "Como mellorar a xestión do lixo no meu centro" ten como obxectivo achegar a toda a veciñanza, novos e maiores, a importancia dunha xestión do lixo adecuada, reflexionando sobre o impacto que produce o lixo no medio ambiente e facéndoos partícipes da solución.

PRIMEIRA.- OBXECTO

Aprobar as bases reguladoras do Concurso da III Semana do Medio Ambiente do Concello de Tomiño, que ten como finalidade promover a mellora da xestión do lixo nas actividades que se realizan en comunidade.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar neste concurso grupos escolares dos centros educativos do concello de Tomiño (incluíndo grupos de actividades extraescolares ou deportivas, sempre que tódolos membros pertencen á mesma categoría) e adultos pertencentes a asociacións tomiñesas, de ata 25 persoas (sen incluír neste número o titor, mestre ou monitor que dirixa/colabore na realización do traballo), en correlación ás seguintes categorías:

- Categoría benxamín: ata 6 anos: educación infantil.
- Categoría infantil: de 7 a 12 anos (inclusive): educación primaria.
- Categoría xuvenil: a partir de 13 anos: educación secundaria e bacharelato.
- Categoría senior: a partir de 18 anos : asociacións tomiñesas.

TERCEIRA.- FORMATO

Os participantes deberán presentar un vídeo, de ata 1 minuto de duración, que expoña as accións que levarían a cabo para mellorar a xestión do lixo no seu centro.

As obras deberán ser orixinais e inéditas e en lingua galega.





CUARTA.- PRAZO E FORMA DE ENTREGA

Os vídeos enviaranse pola aplicación We Transfer (<https://wetransfer.com/>) á dirección de correo electrónico tecnica.medioambiente@tomino.gal ata o 22 de maio, indicando ademais os seguintes datos:

- Título da obra
- Nome do grupo
- Datos dos integrantes: nomes, curso, centro ou asociación e teléfono do representante.

QUINTA.- PREMIO

Haberá dous premios por categoría:

- Primeiro premio: unha visita grupal á Aula temática da Comunidade de Montes de Pinzás, con actividades adaptadas ao grupo de idade e un detalle individual.
- Segundo premio: detalle individual.

SEXTA.- XURADO

O xurado estará composto por:

- Dous representantes do eido artístico
- Dous representantes do Concello (persoal técnico)
- Un representante do Consello de Infancia e adolescencia (que non participen neste concurso)

As resolucións faranse públicas na páxina web do Concello e directamente aos premiados.

A entrega de premios será o día 5 de xuño, día mundial do Medio Ambiente, nos centros dos grupos premiados.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que seguirá o xurado para a concesión dos premios será:

- 1.- Orixinalidade da proposta para a xestión do lixo.
- 2.- Calidade técnica do traballo.
- 3.- Creatividade audiovisual.

OITAVA.- DEREITOS DE IMAXE

A participación no concurso supón a autorización das persoas participantes para expoñer, reproducir o publicar a imaxe ou contido das obras presentadas, sen máis limitacións que as establecidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Propiedad Intelectual.





As persoas premiadas aceptan colaborar nas accións de difusión que se organicen e na cesión dos dereitos de edición ao Concello de Tomiño, que poderá utilizalas en diferentes campañas de promoción relacionadas co medio ambiente, sempre facendo constar a súa autoría.

NOVENA.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a aceptación da convocatoria, das bases e dos requisitos establecidos na mesma.

Para calquera dúbida contactar co departamento de Medio Ambiente do Concello, ben no correo tecnica.medioambiente@tomino.gal ou no teléfono 986622001.

Tomiño, data da firma dixital

A Concelleira de Medio Ambiente, Ana Belén Casaleiro González

